

X CONCURSO DE SUBTITULACIÓN AO GALEGO DE VÍDEOS TED DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA

(#traduceTED2025) (R.R. do 18/07/2025)

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DE PREMIOS

Mediante a Resolución reitoral do 18 de xullo de 2025 convocouse o X Concurso de subtitulación ao galego de vídeos TED. Segundo o recollido no apartado 5 da convocatoria, e logo do acordo do Xurado de Selección encargado da valoración dos traballos presentados, reunido o 27 de novembro de 2025, esta Vicerreitoría resolve:

Publicar a concesión dos premios da convocatoria para cada modalidade:

MODALIDADE A) Dirixida a alumnado, PDI ou PTXAS da USC durante o ano 2025.

- **1º premio:** 300 euros (trescentos euros) e diploma honorífico a:
Irene Tejado Montero, polos subtítulos “Os impostos dos ricos salvarán o planeta”, elaborados para o vídeo *Tax the rich — and save the planet*, de Esther Duflo.
- **2º premio:** 250 euros (douscentos cincuenta euros) e diploma honorífico a:
Ana Marino Fernández, polos subtítulos “Un novo salvavidas para os arrecifes de coral do mundo”, elaborados para o vídeo *A new lifeline for the world's coral reefs*, de Theresa Fyffe.
- **3º premio:** 200 euros (douscentos euros) e diploma honorífico a:
Ruth Prieto Collado, polos subtítulos “O relato que configura a nosa relación coa natureza”, elaborados para o vídeo *The story that shapes your relationship with nature*, de Damon Gameau.

MODALIDADE B) Dirixida a persoas alleas á USC.

- **1º premio:** 300 euros (trescentos euros) e diploma honorífico a:
Laura Rey Otero, polos subtítulos “Como acabar coa malaria dunha vez por todas”, elaborados para o vídeo *How to end malaria once and for all*, de Abdoulaye Diabaté.
- **2º premio:** 250 euros (douscentos cincuenta euros) e diploma honorífico a:
Yolanda Casás Fuentes, polos subtítulos “O que non se conta da intelixencia artificial”, elaborados para o vídeo *Beyond the Surface of Artificial Intelligence*, de Saara Paudyal.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Gumersindo Feijoo Costa
Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación

(Por delegación de competencias, RR. do 21 de abril de 2022, modificada por RR do 26 de setembro de 2023)

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: GUMERSINDO FEIJOO COSTA,
VICERREITOR DE TRANSFORMACION DIXITAL E INNOVACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA, 27/11/2025 14:44:39.

CSV: 92CF-9F86-4E4B-9B14